



# Cabanas Merece Máis!

**Iago  
Varela  
Martínez**

**Programa de goberno 2023**



## Índice

Limiar	p.5
Cabanas merece ser un concello aberto	p.7
Cabanas merece ser un concello conectado, cohesionado e accesible.	p.9
Cabanas merece un urbanismo para as persoas e a comunidade	p.13
Cabanas merece protexermos o noso medio	p.15
Cabanas merece preparármonos contra o cambio climático	p.19
Cabanas merece un Concello que dinamice a economía	p.21
Cabanas merece ser un concello activo cultural e deportivamente	p.25
Cabanas merece ser un concello para todas as persoas	p.27
Cabanas merece que nos coidemos	p.31
Cabanas merece mellores servizos básicos	p.35
Cabanas merece ser un concello tamén para visitar	p.37
Cabanas merece un goberno que defenda todas as causas xustas	p.39

Contraportada: Candidatura do BNG de Cabanas ás eleccións municipais de 2023



## LIMIAR

Este non é un programa ao uso. O que aquí presentamos non son promesas do que imos facer nestes próximos catro anos. O que aquí presentamos é un diagnóstico sobre os principais retos que ten Cabanas por diante, nas próximas décadas, e as nosas propostas para dar solución a eses retos.

Algúns deles son xerais: O envellecemento da poboación, o cambio climático e os seus efectos, a presión financeira que sofren os concellos polos recortes nas transferencias doutras administracións... Outros son máis específicos: a falta dun centro urbano claro, os problemas de transporte malia estar nunha posición estratéxica, as consecuencias dun mercado inmobiliario con prezos inchados sobre a permanencia da poboación máis nova no concello, a falta de equipamentos públicos...

Somos conscientes de que moitos destes problemas non poderán ser resoltos nos catro anos que dura un mandato municipal. Mais quixemos, a propósito, fuxir desa restrición temporal porque a Cabanas faille falta un plan a un prazo moito maior, para ter unha folla de ruta de como actuar a longo prazo e deixar de traballar pensando en ciclos electorais. Iso é o que presentamos aquí nas seguintes páxinas.

Antes de pasar a falar das medidas concretas, queremos incluír aquí as únicas promesas que si imos facer neste programa: Prometémosvos traballo, continuo e desde o primeiro día. Prometémosvos implicación, que nos moveremos e petaremos en todas as portas necesarias para conseguir todo o que este concello necesita. E prometémosvos atención, que as nosas portas sempre estarán abertas, que sempre estaremos aí para escoitarvos e tentar resolver os problemas que nos fagades chegar. Tal e como fixemos durante estes catro anos de cogoberno nas nosas áreas.

Sabedes como traballamos, sabedes como revolucionamos as áreas das que nos encargamos. Fomos o motor do cambio en Cabanas, e agora queremos lideralo desde a alcaldía e levar o noso traballo ao resto das áreas do goberno. Porque Cabanas merece máis, Cabanas merece o mellor, e o mellor para Cabanas é un goberno do BNG.



# Cabanas merece ser un concello aberto

Unha das nosas principais propostas nas anteriores eleccións fora abrir o Concello á veciñanza. Facelo accesíbel e transparente e facilitar a participación. Acabar co amiguismo e o caciquismo. Facer que o Concello estivese para servir á cidadanía, e non para servirse a si mesmo.

E cumprimos. Creamos o Consello de Participación Veciñal, comezamos a emitir os plenos por internet, e aprobamos o regulamento para que calquera poida intervir neles, fixemos que toda a información municipal fose pública, fixemos unha comunicación institucional profesional...

Máis aínda queda por facer. O noso compromiso cun concello aberto, transparente e onde toda a veciñanza sexa tratada por igual continuará para sempre, xa que forma parte do noso ADN.

## As nosas propostas:

### Participación

Favorecer a participación da veciñanza nos plenos municipais, publicitando as posibilidades de presentar iniciativas, intervir ante o pleno e formular preguntas, dúbidas ou rogos que permiten o regulamento de Participación.

Continuar a impulsar o Consello de Participación Veciñal como órgano de participación das diferentes entidades asociativas do concello, e desenvolver comités sectoriais dentro deste.

Avanzar na posta en marcha dun programa de orzamentos participativos, con criterios correctores xeográficos e temáticos, para que a veciñanza poida decidir parte dos investimentos do concello mediante reunións parroquiais, e reservar unha porcentaxe do capítulo de investimentos do orzamento municipal para as propostas aprobadas mediante este programa.

### Modelo de goberno e transparencia

Continuar a levar a cabo unha comunicación municipal profesional, plural e apartidaria.

Continuar a dar acceso a toda a información municipal de xeito fácil a toda a veciñanza, evitando o control político do acceso á información. Aumentar a publicidade das axudas públicas.

Continuar a poñer toda a información municipal e sobre concursos públicos a disposición da veciñanza, e difundir os seus resultados inmediatamente despois da súa resolución.

Continuar a emitir os plenos por internet.

Cumprir coa Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establecendo un mecanismo de publicidade e rendición de contas de carácter público e accesíbel.

Crear novos taboleiros de libre expresión para permitir unha maior participación da veciñanza, así como a posibilidade de publicitar eventos e campañas.

Modificar a ordenanza de limpeza nos aspectos nos que limita a libre expresión política da veciñanza

Poñer en marcha un sistema de control dos agasallos que poidan recibir os cargos políticos.

Avanzar cara á e-administración ampliando as xestións municipais que se poden realizar pola rede.

### **Asociacionismo e locais municipais**

Crear un mecanismo para xestionar a solicitude de locais municipais para o seu libre uso por parte da veciñanza, particularmente da mocidade e do tecido asociativo, creando un regulamento e outorgándoos por criterios obxectivos sen posibilidade de vetos.

Apoiar, desde o Concello, as iniciativas das entidades e asociacións de Cabanas.

Actualizar os convenios con todas as asociacións para mellorar as súas condicións, posibilitar o uso compartido das instalacións, nomeadamente as deportivas, e realizar melloras.

Traballar conxuntamente coas asociacións e as sociedades parroquiais para promover melloras e rehabilitación nos locais parroquiais: Internet e mantemento no local de Irís, eficiencia enerxética e rehabilitación da cuberta exterior de madeira no local de Lavandeira, carpintería e punto de luz exterior na escola de Soaserra, cobertura da entrada na Escola das Viñas... Axudar a realizar actuacións tamén naqueles que son privados mediante a figura dos convenios.

Impulsar o uso do Apeadoiro do Areal como sede de actividades e como local de uso libre baixo petición.

Estudar a posibilidade de compra dunha carpa para eventos organizados polo concello e posibilitar a súa cesión ás entidades do concello.



# **Cabanas merece ser un concello conectado, cohesionado e accesible.**

Cabanas atópase nunha situación privilexiada. No esteiro do Eume, atravesada por unha liña de ferrocarril, ao pé da estrada nacional e máis cunha entrada á autoestrada que permiten conexións rápidas tanto con Ferrol como coa Coruña e o resto do sur do país, e sendo o punto de saída dunha estrada cara Ás Pontes que tamén permite despois conectarse cara ao Norte e Leste.

Estas infraestruturas, porén, presentan problemas, e tamén condicionan o desenvolvemento do concello. O caso máis claro é a N-561, cuxa titularidade por parte do Ministerio de Transportes leva décadas condicionando o centro urbano do Areal. A inacción deste Ministerio, a pesar das continuas emendas do BNG aos Orzamentos do Estado, foi o que levou ao Concello a asumir as obras de humanización na parte baixa do Areal, a principal zona comercial do concello. En todo caso, continuaremos a solicitar que sexa o Ministerio quen asuma as obras no resto de zonas, e que as faga xa.

Ao tempo, seguimos tendo unha mobilidade totalmente dependente do coche. O ferrocarril non é unha alternativa factíbel polas súas frecuencias, horarios e tempo de viaxe, e o transporte público por estrada, a pesar das nosas propostas desde o goberno municipal, empeorou como resultado das novas adxudicacións que fixo a Xunta.

O mesmo vén ocorrendo coa mobilidade interna no concello. Ao final do presente mandato encargamos un estudo de transporte para estudar a viabilidade e o deseño dun servizo de mobilidade interno dentro de Cabanas. É a nosa intención poñelo en marcha neste mandato, para poder desprazarse entre as diferentes parroquias, conectarse co centro urbano e os servizos que nel se atopan e tamén servir de conexión co transporte interurbano, sen depender do coche particular.

## **As nosas propostas:**

### **Mobilidade e infraestruturas**

Redactar e poñer en marcha un plano comarcal de mobilidade en colaboración cos concellos da contorna que aproveite os recursos xa existentes e dote dun mellor transporte público a Cabanas.

Instar ao Goberno central a aprobar a transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 a Galiza de cara á posterior abolición das peaxes.

Avanzar os trámites para que a concesionaria da AP-9 pague o IBI sen bonificación da totalidade do tramo da AP-9 que atravesa o concello, e impoñerlle o máximo tipo impositivo posíbel.

Exixir ao Goberno medidas para paliar as molestias que van causar as obras na Ponte de Pedra no tráfico do concello e, particularmente, a gratuidade do tramo da AP-9 entre Fene e Miño, polo menos durante a duración das obras, para disuadir o tráfico que non sexa local.

Continuar a traballar con Costas e ADIF para a toma de medidas de protección ante a erosión, en particular no talude en Chamoso para evitar a caída do camiño de acceso, e no Cantiño coa vía de ferrocarril.

Loitar pola mellora das condicións da N-651 ao seu paso polo concello e a mellora na seguridade de vehículos e peóns que esta implica.

Continuar a solicitar a Estradas a humanización do resto da N-651 ao seu paso por zonas de poboado, tanto no núcleo urbano como en Laraxe, así como a mellora de sinalización, particularmente as limitacións de velocidade en Laraxe, e a construción das rotondas previstas, particularmente as de Cardeita e Barreiro-Fonfría pola súa urxencia.

Levar a cabo á maior brevidade a humanización prevista na zona urbana, que asume o Concello pola súa urxencia.

Estender a área de actuación da humanización prevista en Cabanas até o cruce da Veiga para permitir o tránsito peonil seguro á Escola Laica e a área recreativa da Veiga, así como para as persoas que transitan polo Camiño Inglés. Isto implicaría a extensión da zona de poboado con velocidade limitada a 50 km/h e que o carril de adelantamento comece máis adiante.

Solicitar á Xunta unha actuación integral na recta de Cardeita para aumentar a seguridade viaria e a mobilidade peonil a través da limitación da velocidade, a mellora da visibilidade, a construción de beirarrúas e o pintado de pasos de cebra. Solicitar o estudo da súa consideración como zona de poboado para posibilitar outras medidas de calmado de tráfico.

Solicitar á Xunta de Galicia da Transferencia ao Concello de Cabanas da Rúa do Concello, para poder realizar actuacións nela directamente.

Mellorar de xeito xeral a ordenación do tráfico nas pistas, estradas e rúas do concello.

Continuar a empregar o sistema de plataforma única para a convivencia de vehículos e peóns nas actuacións en pistas do concello.

Procurar a solución de tapóns de mobilidade como no Areal.

Buscar unha solución ao illamento da zona da Madalena en colaboración con ADIF para poder realizar unha saída secundaria á área.

Crear un plan de accesibilidade e controlar o tráfico rodado na praia e a súa contorna.

Crear un Plano de Emerxencia para a Madalena como zona na que se producen as principais aglomeracións de persoas no concello.

Crear unha zona de aparcamento de residentes no entorno da Igrexa de Santo André de Cabanas, de acordo coa veciñanza.

### **Transporte público e sustentábel**

Instar a Renfe e ADIF ao establecemento dun servizo de ferrocarril de proximidade con máis frecuencias, mellores horarios e menor prezo, así como a un mellor mantemento da liña e do apeadoiro.

Continuar a defender os intereses da veciñanza afectada polos problemas do transporte interurbano por estradas, solicitando a mellora das condicións, o aumento de frecuencias e mellora de horarios e o cumprimento do servizo

Desenvolver, de acordo cos resultados do estudo de transporte, un sistema de transporte municipal que conecte as diferentes zonas do concello co obxectivo de mellorar a mobilidade interna, achegar a veciñanza das parroquias rurais aos servizos da zona urbana e servir de conexión cos servizos de transporte metropolitano.

Traballar co sector do taxi para desenvolver o seu rol de acordo co concello, empregándoo como solución prioritaria de transporte para persoas con mobilidade reducida ou que necesiten axuda coas súas xestións, así como para outras necesidades de transporte que non queden cubertas co sistema de transporte municipal. Incluir o taxi dentro das axudas de mobilidade.

Revisar a situación das marquesiñas existentes e instalar outras novas nos lugares que o precisen, así como mellorar a seguridade de acceso ás mesmas.

Instar á Xunta a recuperar as liñas de Noitebús, e nomeadamente a liña que unía Ferrol e Miño, garantindo así un servizo de transporte público que permita á mocidade desprazarse durante as noites de ocio nocturno sen ter que facer uso dos vehículos particulares.

Desenvolver un sistema de axudas sociais de mobilidade para os diversos colectivos que o necesiten e que inclúa non só o transporte metropolitano, senón tamén o transporte local nas súas diferentes modalidades e o de máis longa distancia.

Levar a cabo un plan de mobilidade peonil para crear un sistema de itinerarios a pé que permita atravesar o concello camiñando por rutas seguras para os peóns, con especial atención aos accesos aos equipamentos (Colexio, Escola Laica, Área da Veiga, Polideportivo de Lavandeira...). Para isto, levaríanse a cabo actuacións tanto para mellorar a seguridade dos peóns nas pistas e estradas secundarias do concello como para recuperar, marcar e promover camiños tradicionais e sendeiros peonís.

Potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte alternativo, coa creación de carrís bici, aparcadoiros específicos en lugares de especial importancia e o establecemento dun servizo de préstamo/alugueiro de bicis, incluíndo tamén a posibilidade de amplialo a bicis eléctricas e patinetes.

Establecer zonas de calmado de tráfico para potenciar o uso da bicicleta.

Crear puntos de carga de vehículos eléctricos.

### **Accesibilidade**

Continuar co plan de eliminación de barreiras de mobilidade, co obxectivo final de que a totalidade das infraestruturas municipais e as beirarrúas dependentes do concello, así como o acceso ás praias, sexan accesíbeis para persoas con mobilidade reducida.

Crear parques infantís accesíbeis de nivel 3.

# Cabanas merece un urbanismo para as persoas e a comunidade

Como toda a veciñanza sabe, o urbanismo de Cabanas é problemático. Carecemos dun núcleo urbano claro, cun desenvolvemento desordenado ao longo da N-651 con moitos solares sen edificar e unha malla urbana non completada.

O PXOM desenvolvido polo anterior goberno do PP, no que sustentaban tantas promesas á veciñanza, é un documento que non vale e que nunca vai ser aprobado. Non só porque rexeitamos o modelo especulativo que impón e a arbitrariedade das súas decisións, senón, principalmente, porque é un documento que obxectivamente presenta eivas o suficientemente importantes como para facelo inaprobábel pola Xunta. A máis importante de todas, que non exista abastecemento de auga para a poboación, un problema que levou a Augas de Galicia a dicirnos literalmente que non se poderá aprobar ningún PXOM que non cumpra con este requisito, e que vai levar moitos anos resolver.

Porén, non podemos quedar de brazos cruzados. Mentres resolvemos este problema, teremos que comezar a planear como será o urbanismo de Cabanas en diante. E farémolo non cun PXOM, senón cun Plan Básico, unha ferramenta urbanística moito máis sinxela e áxil, que deberá estar listo ao mesmo tempo que a solución do abastecemento para entrar en vigor.

E teremos tamén que comezar a planear actuacións en zonas específicas que permitan crear núcleos de interese e que axuden ao encontro veciñal e á creación de comunidade. A nosa proposta principal: o desenvolvemento de chan dotacional no Día 8, coa creación dunha praza pública.

Por último, traballaremos polo dereito a vivenda, impulsando a rehabilitación e a construción de vivenda protexida, co obxectivo de que ninguén se vexa expulsado do concello pola burbulla do mercado inmobiliario.

## **As nosas propostas:**

### **Urbanismo**

Comezar a desenvolver un plan básico de urbanismo como alternativa a un PXOM que non é posíbel levar a cabo, que corrixa as súas carencias e busque outro modelo de desenvolvemento urbano e centrándose no benestar da veciñanza.

Elaborar e desenvolver o Plan de Ordenación do Litoral do Concello de Cabanas (Praia e Piñeiral da Madalena e ribeira do río Eume) co obxectivo de potenciar as actividades lúdico-deportivas, culturais e económicas vencelladas ao medio ambiente costeiro de acordo co establecido no POL da Xunta.

Comezar a estudar a reordenación urbanística do Entorno do día 8 de cara ao seu futuro desenvolvemento: creación de chan dotacional para edificacións de futuros servizos, praza pública, Parque Botánico e zona de aparcadoiro.

Estudar a posibilidade de recuperar edificios singulares do concello para o seu uso como dotacións públicas polivalentes e de promoción cultural.

## **Rehabilitación**

Promover a rehabilitación de inmobles e a construción en solares abandonados, procurando completar a malla urbana.

Crear, en colaboración con outros concellos da contorna, unha oficina de rehabilitación mancomunada que axude coa tramitación de axudas e proxectos de rehabilitación de inmobles abandonados.

Crear Áreas de Rehabilitación Integral (ARI) nas zonas con edificacións de máis de 25 anos. Isto permitirá actuacións de conservación dos edificios, así como accesibilidade e eficiencia enerxética tanto nas edificacións coma no entorno.

Continuar a promover o coñecemento da ARI do Camiño de Santiago entre a veciñanza, así como as súas posibilidades para a rehabilitación de inmobles nas zonas incluídas.

Rehabilitar ou mellorar o estado dos equipamentos e locais públicos, nomeadamente nas parroquias rurais.

## **Dereito á vivenda**

Promover a creación de vivenda protexida de promoción autonómica.

Promover, desde o Concello, a inscrición no Rexistro de Demandantes de Vivenda das persoas interesadas, un paso previo necesario para que a Xunta realice actuacións na área.

Crear un portal de alugueres e vivendas para rehabilitar co fin de dar a coñecer a oferta existente á veciñanza, particularmente á mocidade.

Promover a construción de vivenda protexida, en réxime de aluguer e especificamente para menores de 35 anos, para así apoiar un primeiro paso cara á emancipación.

Actuar desde o Concello, e nomeadamente desde as áreas de Servizos Sociais e Consumo, para evitar desafiuzamentos e así conseguir facer de Cabanas unha zona de Desafiuzamentos cero.

# Cabanas merece protexermos o noso medio

Cabanas conta cun entorno natural único, con grande riqueza natural non só nas Fragas do Eume, senón tamén no noso literal, nos leitos fluviais e nas parroquias interiores.

O noso obxectivo é continuar a desenvolver actuacións para protexermos o noso medio, para poder legalo ás próximas xeracións de cabaneses e cabanesas, mais tamén contribuír ao coidado xeral de todo o planeta mediante actuacións que fagan de Cabanas un concello sustentábel que poña o seu pequeno gran de area para o coidado de todo o planeta.

## As nosas propostas:

### Medio ambiente

Protexer e poñer en valor todos os ámbitos de riqueza ambiental do Concello: as Fragas do Eume, a liña de costa ou os ríos Ventín e Baa.

Establecer medidas que incentiven a plantación de frondosas, procurando a recuperación da flora autóctona, actuando nos terreos municipais e creando un plan que localice e estableza lugares prioritarios para este fin.

Estudar as posibilidades dun plano de forestación para axudar á fixación do CO2.

Crear unha zona de hortos comunitarios na zona urbana.

Solicitar a Augas que realice limpeza periódicas dos ríos mediante modelos de intervención mínima buscando evitar inundacións. Erradicar as actuacións con maquinaria pesada en leitos fluviais polos danos que ocasionan.

Redactar planos de posta en valor das especies animais e vexetais que forman parte dos diferentes ecosistemas do concello tal e como fixemos co Río Ventín neste mandato.

### Residuos e reciclaxe

Abrir ao público o Punto Limpo de Vilar do Colo, só pendente dos permisos da Xunta unha vez rematada a tramitación administrativa municipal.

Ampliar e promover os programas de recollida selectiva de lixo estudando a introdución de bonificacións na facturación por alta eficiencia de reciclaxe.

Aumentar os puntos de recollida de residuos especiais como o aceite doméstico, buscando a participación no programa de Mulleres Colleiteiras.

Introducir o quinto contedor, para residuos orgánicos separados, buscando unha maior eficiencia da recollida e o seu abaratamento.

Promover a compostaxe doméstica mediante campañas específicas e a posta en funcionamento tanto de composteiros individuais como de pequenas centrais de compostaxe comunal seladas.

Continuar coa campaña #CabanasSostible de concienciación ambiental e fomento da reciclaxe e compostaxe con actuacións específicas e traballando especialmente coa poboación escolarizada no concello.

### **Verquidos**

Manter a vixilancia sobre as verteduras ilegais, particularmente nos puntos nos que suceden con maior frecuencia (como xa está a ocorrer), e mellorando aínda máis o control e a retirada.

Continuar a traballar coa APLU para que asuma a retirada dos áridos contaminantes de Vilar do Colo e restitúa o estado anterior da parcela.

Unha vez recuperado, traballar para a conversión da parcela dos áridos de Vilar do Colo nun espazo natural aberto para a veciñanza do concello.

### **Fragas do Eume**

Solicitar á Xunta a reforma do PRUX das Fragas do Eume para redactar un novo plano feito de acordo coa veciñanza e os propietarios, que inclúa compensacións xustas, medidas de protección medioambiental máis ambiciosas e unha dotación orzamentaria e de persoal moito máis alta para facelo posible.

Continuar a exixirle á Xunta o establecemento de compensacións económicas para veciños e propietarios das Fragas.

Manter as medidas propias de compensación á veciñanza incluída nos terreos das Fragas establecidas polo Concello.

Poñer en marcha propostas para a creación de emprego asociado ás labores de mellora, conservación e mantemento do Parque Natural e vinculadas ao desenvolvemento sostíbel deste espazo.

Promocionar as entradas ás Fragas desde Cabanas, tanto desde Irís como desde Soaserra, e comezar o traballo para poder dotalas de infraestruturas.

Continuar a traballar na difusión e a mellora das rutas de sendeirismo nas Fragas.

### **Zonas costeiras**

Traballar coas diversas administracións e organismos para erradicar as verteduras á ría e aos ríos, poñéndoo en valor como espazos naturais.



Mellorar a limpeza de areas e zonas costeiras con criterios medioambientais.

Desenvolver o plan de recuperación e posta en valor do Piñeiral da Madalena, comezando cos procesos de repoboación necesarios para asegurar a súa pervivencia.

Recuperar a enseada do paseo mediante a súa limpeza do xeito máis beneficioso para o medio ambiente, así como a erradicación de verteduras á mesma, co fin de aproveitar a súa riqueza paisaxística, ambiental e marisqueira.

Continuar a vixiar o cumprimento das normas de navegación para evitar situacións de perigo.

Continuar a empregar o CIMM como un centro de divulgación do mar e da cultura mariñeira e seguir programando actividades.

### **Especies invasoras e benestar animal**

Continuar a traballar activamente desde o Concello para a prevención e o control da praga da velutina nos termos do convenio coa Xunta.

Facer unha campaña de difusión do 012 como teléfono no que avisar da presenza de niños de velutina.

Colaborar coas asociacións de apicultores da nosa comarca para os traballos de prevención da velutina.

Elaborar un plan de actuación para a erradicación, no termo do concello, de especies invasoras como os "plumachos" (Herba da Pampa - cortaderia selloana), acacia mimosa ou o fungo "estrela vermella" (*Clathrus archeri*), e solicitar ás diferentes administracións e organismos a súa eliminación nos seus ámbitos de actuación.

Desenvolver un plan de control das colonias felinas (Penso, Cardeita, Madalena...) con medidas non cruentas.

Continuar a aplicar a prohibición da instalación de circos con animais.



# Cabanas merece preparármonos contra o cambio climático

O cambio climático xa é unha realidade e xa ten consecuencias no noso entorno máis próximo. Os episodios de falta de auga e os incendios van ir a máis no futuro, e agora é o momento de prepararse con solucións que nos permitan confrontar estes problemas a longo prazo. Tamén no que ten a ver co modelo enerxético e a transición a un futuro con outros medios de xeración de enerxía.

## As nosas propostas:

### Ciclo da auga

Demandar á Xunta a construción dunha captación e condución de auga por gravidade desde a cunca do Eume, nas Pontes, para dar unha solución a longo prazo ao abastecemento de auga na comarca e loitar contra o impacto das secas, o cal beneficiaría non só a Cabanas senón tamén Á Capela, Fene, Neda, Ares e Mugar dos, e que é ademais fundamental para poder aprobar calquera instrumento de ordenación urbanística.

Poñer en marcha o depósito de Pedra do Couto, adaptándoo no necesario para cumprir a normativa vixente, co obxectivo de avanzar na dotación de auga a Laraxe.

Avanzar na separación total da rede de pluviais e fecais de forma que contribuíamos a evitar fugas nos sumidoiros.

Revisar e modernizar as redes de abastecemento e saneamento, evitando as fugas e roturas e os problemas cos bombeos.

Avanzar no despregamento de todas as redes de abastecemento e saneamento.

Traballar conxuntamente coas universidades na procura de solucións innovadoras que permitan avanzar na dotación das redes de abastecemento e saneamento.

### Incendios

Contribuír desde o concello á prevención dos incendios forestais (dentro da competencia municipal) traballando na prevención mediante a elaboración dun plan de desbroces e conservación de pistas, asegurando o cumprimento das normativas de faixas de protección de núcleos rurais e aumentando a partida orzamentaria de execucións subsidiarias. Continuar a colaborar con SEAGA e outras administracións para conseguilo, seguindo co cofinanciamento do Plan Contra Incendios da Xunta.

Asumir desde o Concello un papel activo en materia de conservación das masas forestais, controlando o impacto das pistas forestais, actuando na conservación das

masas de frondosas ripícolas (de ribeira e marxe) e promovendo a protección de zonas de especial interese ambiental.

### **Modelo Enerxético**

Centrar as nosas liñas de actuación en materia de xestión enerxética no aforro e a eficiencia, como eixos cara a sustentabilidade, situando á veciñanza de Cabanas como centro da transición enerxética.

Contratar o fornecemento enerxético municipal baixo criterios de sustentabilidade e emisións, o que permitirá acadar os obxectivos formulados no Plan de Acción pola Enerxía e o Clima e rebaixar a pegada ecolóxica dos servizos municipais.

Levar a tecnoloxía LED a todo o alumeadado municipal, permitindo incrementar os niveis de iluminación, rebaixar o consumo e dar soporte a multitude de servizos dixitais que axuden a mellorar o servizo de recollida de lixo, a xestión do transporte baixo demanda ou mesmamente o servizo de emerxencias.

Ter en conta a contaminación lumínica nas nosas actuacións, de xeito que poidamos recuperar a visión do ceo nocturno e acadar para Cabanas a distinción de destino Starlight e Slow Light.

Axustar as condicións de traballo dos equipos eléctricos de depuración de augas residuais para rebaixar o recibo eléctrico destes equipamentos.

Buscar as mellores opcións de climatización nas dependencias municipais, priorizando o confort dos usuarios e maximizando a eficiencia enerxética das edificacións. Dar cumprimento ás esixencias legais con respecto á certificación enerxética das dependencias obrigadas a este efecto.

Continuar a impulsar a Comunidade Enerxética Local, para convertela nun axente clave da transición enerxética do noso concello.

# Cabanas merece un Concello que dinamice a economía

No BNG entendemos que o Concello debe de ser un axente dinamizador da economía, dando apoio, asesoramento e deseñando políticas que posibiliten o desenvolvemento económico e o benestar.

É por iso que a área de dinamización económica foi unha das nosas prioridades neste mandato.

O programa Merca en Cabanas, as axudas durante a pandemia, a Feira de Santa Marta e o Mercado de Nadal, o despregamento de fibra, a creación do servizo de asesoramento de cooperativismo, as campañas de formación... son só algúns exemplos do que fixemos nestes catro anos de mandato. Pero queremos máis:

## As nosas propostas:

### Comercio

Continuar co programa “merca en Cabanas” a través de campañas que incluírán tanto a promoción do consumo da produción local como o fomento da compra no comercio local.

Seguir a priorizar a compra no comercio local dos subministracións que o Concello necesita para a súa actividade, como xa se veu facendo estes catro anos.

Establecer medidas fiscais que promovan a ocupación de baixos de cara a evitar a presenza de locais baleiros.

Seguir a traballar na recuperación das feiras, en particular a Feira do 21, mediante o seu impulso con medidas específicas para mellorar a súa difusión e estudando tamén a posibilidade da súa celebración no Día 8 durante o inverno. Establecer feiras e reclamos temáticos e continuar co Mercado do Nadal.

### Emprego

Incrementar a dotación da Concellería de Emprego e Formación, de forma que teña maior capacidade de actuación e poida realizar accións que vaian máis alá de paliar as consecuencias do desemprego, actuando sobre as súas causas.

Continuar a traballar para desenvolver novas oportunidades laborais desde o Concello, impulsando os servizos de asesoramento e axuda ao emprendemento.

Promover a diversificación sectorial do emprego tendo en conta as zonas rurais, así como a creación de emprego en novas actividades de acordo coas nosas políticas.

Construír, dotar, e poñer en funcionamento o Coworking (espazo de traballo compartido) da nave municipal de Vilar do Colo, que servirá como un lugar onde se poida traballar para levar a cabo proxectos de emprendemento, con asesoramento do persoal do Concello e axuda para os trámites administrativos.

Continuar a traballar en medidas que contribúan a unha mellor inserción laboral feminina.

Crear un Plano de Emprego Xuvenil para facilitar que a mocidade atope emprego en Cabanas e poida así quedar no concello. Este plan incluírá medidas para que, desde o Concello, se potencien as prácticas profesionais nas empresas de Cabanas.

Seguir a traballar coas universidades e os centros de Formación Profesional para acoller estudiantado que veña facer períodos de prácticas e traballos de fin de grao e master que teñan por obxecto o concello nos servizos municipais, e así contribuír á obtención de información valiosa para o desenvolvemento do mesmo.

Potenciar o Polígono de Vilar do Colo e facilitar o establecemento nel, mellorando as súas condicións e o acceso ás redes de subministracións.

Desenvolver o ente de Conservación do Polígono de Vilar do Colo, o que permitirá reorganizar e concentrar nel a actividade industrial.

### **Novas tecnoloxías**

Continuar co traballo para aproveitar as vantaxes de acceso a novas solucións innovadoras que ten Cabanas como "smart village" .

Asegurar que a fibra chega ao 100% dos fogares de Cabanas, solucionando os casos problemáticos illados que aínda quedan pendentes.

Expandir as zonas wi-fi de balde ao 100% das instalacións municipais e outros lugares de especial importancia para o concello.

Continuar a impartir cursos de formación en novas tecnoloxías e, nomeadamente, en alfabetización dixital para persoas maiores.

### **Economía da Zona rural**

Lanzar un plano de dinamización económico-laboral da zona rural con medidas de incentivación do autoemprego e do cultivo da terra.

Continuar a promover a produción autóctona e ecolóxica, tanto de cultivos como de produtos xa transformados.

Fomentar a diversificación dos aproveitamentos do monte a través do desenvolvemento de actividades complementarias: produción apícola, plantación

de cogomelos, silvo-pastoreo... de entre estas, prestarase especial atención ao cultivo da froita do Eume.

Fomentar o cooperativismo na zona rural mediante a promoción de programas de produción rural, transformación e asesoramento como o de Fusquenlla, en Moeche.

Crear un centro municipal de servizos para a agricultura e a silvicultura cunha zona de compostaxe e outra de recollida de poda, que poderá servir como combustible ou para a produción de enerxía eléctrica como biomasa.

Traballar pola erradicación das propiedades a monte e incentivar actividades de emprendemento orientadas ao sector primario, sobre as cales o Concello ofrecerá asesoramento.

Crear un banco voluntario de alugueiro de terras que facilite a explotación de terras actualmente non cultivadas poñendo en contacto propietarios e persoas interesadas en alugar.





# Cabanas merece ser un concello activo cultural e deportivamente

Cabanas merece ter unha oferta cultural variada, comprometida e accesíbel para todo o mundo. É por iso que a nosa arela no BNG de Cabanas é a de crear un tecido de actividades e eventos deportivos e culturais que faga do noso concello un municipio activo nestes ámbitos e garanta alternativas locais de ocio para a cidadanía. Queremos gobernar para asegurarnos de que a xente de Cabanas teña acceso á cultura (vendo o deporte como unha das súas manifestacións) porque, ademais de xerar riqueza, é unha ferramenta de expresión que nos permite reafirmar a nosa identidade como pobo e contribúe a crear comunidade.

## As nosas propostas:

### Cultura

Diversificar a actividade cultural de cara a achegala a todos os grupos sociais e a diversos ámbitos de interese.

Promover a participación das entidades e asociacións culturais na xestión cultural do noso concello.

Dignificar a lingua galega e apoiar a creación e difusión cultural en calquera das súas manifestacións.

Continuar coas obras de actuación na Escola Laica, corrixindo algunhas das eivas detectadas no interior e mercando os terreos adxacentes para ampliar a zona verde, a zona de aparcamento e dar alternativas de acceso, tanto peonil como en vehículo.

Crear o servizo de Biblioteca Municipal, que nun principio terá a súa sede na Escola Laica, con diferentes áreas (sala de lectura, salas de estudo e traballo, zona de ludoteca e actividades infantís...) e con entidade propia para organizar actividades, dinamizando a vida cultural do Concello. Dotar á biblioteca de persoal estable.

Converter a romaría de Santa Marta nunha gran festa na que a cultura sexa protagonista.

Impulsar novas actividades anuais para adultos, indo máis alá das dispoñíbeis actualmente.

Continuar a apoiar o teatro afeccionado e crear unha Escola Municipal de Teatro.

## Deporte

Entender a política deportiva municipal como un conxunto de actuacións que deben centrarse, fundamentalmente, no apoio ás entidades de base do concello e ao traballo que realizan día a día.

Colaborar coas entidades de promoción do deporte en todos os eidos, aproveitando as súas actividades para a posíbel posta en marcha de escolas municipais deportivas co apoio do Concello.

Revisar os convenios coas entidades deportivas para mellorar as condicións de colaboración, aumentando os conceptos de xustificación das subvencións para facilitar o seu uso e aumentando a colaboración para a organización de actividades e proxectos conxuntos.

Levar a cabo un plano de actuación sobre as infraestruturas deportivas: actuacións no Pavillón de Porto, rehabilitación do Pavillón de Lavandeira, solución definitiva á situación precaria do clube KDM, actuacións no Campo de Fútbol da Veiga a través da instalación de herba artificial no campo anexo, dotación de auga e luz para o CNC, iluminación e edificación no Circuito de Vilar do Colo...

Elaborar un plan de actuación integral na área da Veiga coa intención de poñer en valor a área de lecer, recuperar medioambientalmente o entorno do río e mellorar as instalacións deportivas.

Buscar a posibilidade de instalar un ximnasio municipal nas dependencias do Pavillón de Lavandeira unha vez finalizadas as obras de rehabilitación.

Facilitar o acceso da poboación ás instalacións deportivas, facilitando o procedemento de reserva e acceso.

Estudar o uso de instalacións deportivas de xeito mancomunado entre diferentes concellos.

Promover as probas deportivas, priorizando as organizadas directamente desde o concello e polas entidades deportivas radicadas no mesmo.

Informar da axenda deportiva e dos resultados dos clubs do concello nas redes sociais institucionais de forma semanal.

Fomentar o deporte feminino.

# Cabanas merece ser un concello para todas as persoas

As características de Cabanas fan que sexa un lugar atractivo para vivir, e iso atrae nova poboación e fai medrar o noso concello. Mais é importante non deixarmos ninguén atrás. Ninguén debería verse expulsado do concello por non ter as axudas necesarias para ficar aquí. Para iso temos toda unha serie de propostas de políticas de servizos sociais que queremos levar a cabo.

Queremos un concello que conte con todo o mundo. E isto inclúe tamén á xente máis nova e os noso maiores, que merecen unha serie de actuacións específicas.

Incluimos aquí tamén as medidas específicas de igualdade para as mulleres. Esta foi unha das áreas que levou o BNG estes catro anos, mais na que aínda fica moito por facer. É a nosa intención impulsar aínda máis esta área para desenvolver políticas transversais e contribuír á igualdade real.

## **As nosas propostas:**

### **Servizos Sociais**

Reivindicar uns servizos sociais públicos e con cobertura universal co obxectivo de cubrir o 100% da demanda nesta lexislatura.

Actuar sobre a situación de inestabilidade de persoal na área de servizos sociais, conseguindo así mellorar a xestión. Ampliar o horario de atención á veciñanza.

Comprometerse a dotar a calquera persoa en risco de pobreza ou exclusión dun profesional de referencia que facilite o seu acceso ás prestacións sociais no prazo máximo de 10 días laborábeis.

Comprometerse a manter unha dotación orzamentaria para as axudas de servizos sociais que permita cubrir as necesidades ao respecto e modificar a ordenanza de emerxencia social para ampliar os conceptos custeables, e así poder cubrir novas necesidades.

Garantir a cobertura dos dereitos dos colectivos sociais que sofren unha maior incidencia perante a crise: persoas inmigrantes, persoas paradas de longa duración, familias monoparentais, persoas maiores...

Mellorar a difusión dos servizos do departamento de Benestar Social entre a veciñanza, de forma que aseguremos que ninguén que os precise descoñeza a súa existencia.

Intensificar o traballo de colaboración coas entidades sociais do ámbito, de cara a que a súa contribución sexa decisiva no traballo de deseño das políticas municipais de servizos sociais.

Crear un censo de persoas vulnerábeis ou que vivan soas para o seu seguimento por parte dos servizos municipais.

Garantir a gratuidade das subministracións básicas directamente dependentes do Concello (auga, luz, recollida de residuos, saneamento...) a persoas en situación de vulnerabilidade e modificar a ordenanza para que as persoas beneficiarias das bonificacións non teñan que adiantar os cartos.

Eliminar a necesidade de renovar anualmente a exención do imposto de rodaxe para as persoas con discapacidade.

Continuar coas axudas para favorecer o acceso a Internet da cidadanía mediante bonificacións a persoas sen emprego ou con menos recursos.

Comezar os traballos de cara a crear vivendas de emerxencia para atender vítimas da violencia de xénero, desafiuzamentos ou outras adversidades.

Estudar a creación de bancos municipais: material ortopédico, material informático, ferramentas...

### **Terceira Idade**

Instar á Xunta a aumentar o número de horas de axuda no fogar, procurando alcanzar o 100% da demanda.

Crear un programa de respiro familiar para familias con persoas dependentes.

Crear un centro de día para persoas maiores en colaboración con outras administracións.

Continuar a promover actividades de implicación interxeracional, como Memoria dun Século, compartindo actividades como teatro ou contos e tamén coñecementos sobre a terra, os oficios, ou as novas tecnoloxías.

Crear un programa de voluntariado interxeracional de acompañamento para persoas vulnerables, maiores ou que vivan soas.

Posta en marcha dun servizo de asesoramento e acompañamento para os trámites burocráticos dixitais, destinado especificamente a persoas maiores.

### **Igualdade**

Continuar a integrar a perspectiva de xénero nas políticas municipais a través de todos os programas, actuacións e documentos tanto do propio Concello como das asociacións e empresas que traballen con este.

Continuar a cumprir o establecido no Plano de Igualdade do Concello de Cabanas e traballar na súa renovación.

Activar o Consello Municipal das Mulleres como órgano de participación e de fomento da igualdade.

Incorporar, dentro do permitido pola lexislación vixente, cláusulas sociais na contratación pública coa finalidade de favorecer a selección de empresas que destaquen por desenvolver unha política en prol da igualdade.

Crear un Centro de Información da Muller (CIM) en colaboración con outros concellos.

Continuar a traballar conxuntamente cos Centros de Ensino e o Centro de Saúde para elaborar campañas de sensibilización en materia de igualdade e previr a violencia de xénero.

Continuar a organizar actividades formativas dirixidas especificamente ás mulleres: cursos de formación, cursos de integración para mulleres inmigrantes etc.

Estudar a posta en marcha de bancos de tempo mediante a creación dun Programa de Voluntariado.

## **Mocidade**

Continuar impulsando os mecanismos de participación Infantil e Xuvenil.

Impulsar a vivenda de aluguer protexida e con prezos controlados destinada especificamente para menores de 35 anos para así impulsar desde o Concello os primeiros pasos da emancipación.

Elaborar un plan de emprego xuvenil para facilitar que a mocidade atope emprego en Cabanas e poida así quedarse no concello.

Promover os grupos locais de música facilitando espazos como locais de ensaio.

Elaborar unha programación estable de actividades para a mocidade.

Impulsar a realización de actividades específicas para a mocidade nas diversas parroquias, promovendo un modelo de ocio máis saudable.

Elaborar un proxecto alternativo de ocio nocturno para a mocidade con diferentes actividades adaptadas aos seus gustos e compartindo espazos e tempos cos seus iguais nas noites das fins de semana.



# Cabanas merece que nos coidemos

Sabemos que co seu entorno privilexiado, Cabanas é un lugar atractivo para vivir, mais Cabanas merece que vivamos aínda mellor. Merecemos que o concello fomente a calidade de vida en todos os aspectos. As medidas de conciliación, crianza, ensino e saúde son chaves para fomentar a calidade de vida, e o goberno municipal ten moitos ámbitos nos que actuar para fomentar un modelo de concello no que nos coidemos máis para vivirmos mellor:

## As nosas propostas:

### Conciliación

Potenciar as medidas de conciliación familiar. Mantemento do programa de almozos, programa de casas niño, mellora e aumento das actividades, posta en marcha dunha área de ludoteca na futura biblioteca municipal.

Procurar a integración do PAI no sistema de Escolas Infantís da Xunta, ao ser unha competencia autonómica que o Concello está a asumir agora mesmo de forma impropia por responsabilidade, para que sexa posible a ampliación do seu horario de apertura e unha mellor dotación. Do contrario, pular por estas melloras en canto sexa posíbel ao final da actual concesión.

Elaborar unha programación estable de actividades para familias.

Ampliar o catálogo de actividades extraescolares dos máis pequenos e incluír outras multixeracionais, integrando a oferta.

### Ensin e crianza

Continuar a traballar no estreitamento da colaboración entre Escola, Comunidade Escolar e Concello, establecendo reunións periódicas máis alá do Consello Escolar para unha mellor cooperación.

Continuar a realizar obras de mellora e mantemento no CEIP Eladia Mariño e no seu patio.

Continuar a promover a realización de actividades conxuntas mediante a creación dunha oferta estable de actividades culturais, de fomento dos hábitos saudábeis e de visitas á contorna para a difusión da riqueza social, cultural e ambiental de Cabanas entre as nenas e nenos.

Promover o aproveitamento das instalacións dos centros educativos para o seu uso por parte da cidadanía fóra do horario escolar, particularmente o Pavillón do Colexio de Porto.

Crear bolsas para estudiantado pertencente a familias con baixos recursos ou en risco de fracaso escolar de cara a sufragar o prezo de clases particulares ou reforzos.

Elaborar, traballando cos centros educativos, entidades sociais e deportivas etc., un protocolo e unha campaña de actuacións para a prevención do Acoso Escolar, para poder paralo antes de que ocorra.

Redactar e poñer en marcha un proxecto de loita contra o fracaso escolar en colaboración cos centros educativos.

Crear redes de apoio familiar e escola de pais e nais.

Dar a coñecer a existencia dos convenios asinados coas institucións do Sistema Universitario para que os estudantes realicen as súas prácticas formativas en dependencias municipais e empresas do concello.

Crear unha rede de apoio ao novo estudiantado de Cabanas nas universidades, poñendo en contacto ás diferente xeracións de estudantes que vaian ao mesmo lugar.

Poñer a disposición espazos municipais para clases de reforzo.

## **Saúde**

Solicitar á Xunta a mellora xeral das condicións do Centro de Saúde. A longo prazo, solicitar a creación dun novo centro de saúde que resolva as eivas do actual.

Procurar o reforzo do persoal do Centro de Saúde nos períodos de máis demanda, particularmente no verán, e pular polo reforzo do PAC.

Promover a incorporación de persoal de atención psicolóxica en Cabanas, preferentemente como parte do Centro de Saúde.

Crear o servizo de pediatría no Centro de Saúde.

Promover que a poboación do concello teña o seu médico no Centro de Saúde de Cabanas, para que a falta de cupo non poida ser empregada como excusa por parte da Consellaría para a dotación de persoal e a mellora das condicións do Centro de Saúde.

Establecer liñas de colaboración coas entidades de traballo no eido da sanidade.

Continuar a dotar de desfibriladores DESAs os lugares onde se poden producir concentracións de persoas: pavillóns de Porto e Lavandeira, Parque da Veiga, Parque do Areal, Sociedades... Formar a persoal sensible no seu uso.

Continuar coas campañas de prevención nos centros educativos: promoción de hábitos saudábeis de alimentación e exercicio físico, prevención de condutas aditivas... en colaboración cos centros educativos, as ANPAS e as entidades sociais



implicadas. Trasladar estas mesmas campañas á poboación xeral mediante a colaboración co Centro de Saúde.

Crear un plano para a prevención da enfermidade na vellez, aumentando as prazas de ximnasia de mantemento, os parques biosaudábeis, obradoiros de memoria ou ocupacionais, etc.

Promover activamente a creación de grupos de actividade física e de paseo para maiores por parroquias.

Fomentar a formación en primeiros auxilios entre a veciñanza local en xeral e o persoal do Concello en particular. Incluír a formación en manexo de DESAs.

Creación dun Departamento municipal de Consumo que vele pola protección dos dereitos da veciñanza en canto consumidores, poida proporcionar asesoría e organice diversas actividades de formación ao respecto.



## **Cabanas merece mellores servizos básicos**

Os servizos municipais son probablemente a área que concentra o maior número de queixas da veciñanza. A situación desta área é complicada polos recortes orzamentarios e a falta de persoal, mais tamén cremos que hai melloras que son posibles na previsión e organización das actuacións ou na optimización dos percorridos. Tamén na comunicación á veciñanza destas actuacións.

Por outra banda, nos servizos concesionados, o modelo do BNG segue a ser priorizar a xestión directa sempre que sexa posible, aínda que o marco legislativo inclúa moitas trabas para facelo efectivo. En todo caso, tamén pularemos por mancomunar estes servizos con outros concellos.

### **As nosas propostas:**

#### **Vías, obras e parques**

Dar resposta ao deterioro das vías municipais, mediante actuacións progresivas comezando polas máis deterioradas.

Instar ao Goberno Galego a incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos, dotando dito plan dun orzamento plurianual que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos propios concellos.

Profesionalizar o traballo do servizo de vías do concello, mediante a creación dun programa estable de rebacheo

Publicar un calendario dando a coñecer as datas actuación previstas para o arranxo, limpeza e roza dos camiños municipais en cada zona, de forma que a veciñanza saiba cando está previsto actuar en cada unha delas.

Reacondicionar, mellorar e manter en bo estado todos os parques infantís, creando un programa de mantemento estable, e buscar solucións para a súa iluminación.

#### **Concesións**

Estudar a posibilidade da remunicipalización das concesións recuperábeis para a administración pública, sexa por parte do Concello de Cabanas en exclusiva ou en agrupación con outros concellos, e nomeadamente as do subministro de auga, o saneamento e a recollida de lixo.

Mancomunar o servizo de Auga con Pontedeume.

Crear un plan de rehabilitación e mantemento das fontes públicas.

Reformar o contrato de recollida de lixo con criterios sociais, de xénero e de inclusión (se non é posible a súa remunicipalización).

Mellorar a frecuencia da recollida de lixo, particularmente nas zonas menos frecuentadas, asegurando un mínimo de dúas recollidas á semana en todo o concello.

### **Alumeado**

Rematar a implantación da tecnoloxía LED nas redes de alumeado público, con criterios para evitar a contaminación lumínica (Ceo Limpo, Slow Light).

Establecer un método de control para evitar os problemas das redes de electricidade como subas de tensión, apagóns e fallos no alumeado público.

Buscar solucións para avanzar no soterramento de cableado aéreo nas áreas nas que sexa posible.

### **Seguridade**

Mellorar as condicións, a dotación e os equipamentos da Agrupación de Protección Civil.

Asegurar a cobertura das prazas de socorrismo das praias mediante a mellora das condicións e a reserva de fondos propios para cubrir un número mínimo de prazas antes do libramento da subvención.

# Cabanas merece ser un concello tamén para visitar

Estes catro anos supuxeron un grande cambio no modelo turístico do Concello. A nosa aposta pola descentralización e a desestacionalización do turismo está comezando a dar os seus froitos, cun maior fluxo de visitantes ao longo de todo o ano e que xa non só se concentran na franxa costeira (que segue a estar igual de concorrida, sobre todo no verán). Seguimos a promover un turismo sustentábel e diversificado, que veña a Cabanas non só polo sol e a praia do verán, senón tamén pola riqueza patrimonial, ambiental, gastronómica...

Por outra banda, continuamos a considerar o turismo, ante todo, unha fonte de oportunidades para crear emprego e riqueza. Seguiremos a promover desde o Concello a creación de novos equipamentos turísticos e a captación de novos fluxos, sempre co obxectivo de conseguir un retorno económico para o concello.

## As nosas propostas:

### Turismo

Continuar a traballar por un modelo turístico que poña en valor a totalidade do territorio de Cabanas, especialmente a zona rural.

Seguir a fomentar o turismo activo e deportivo, así como os proxectos empresariais vinculados ao mesmo.

Seguir a promocionar e poñer en valor o noso patrimonio cultural, ambiental, histórico e arqueolóxico (zonas castrexas, megalíticas, edificios eclesiásticos e civís, muíños, o Camiño de Santiago...) integrándoo na estratexia turística do concello e creando paquetes de actividades.

Iniciar os trámites para a adquisición por parte do concello das parcelas que conteñan bens patrimoniais, en colaboración con outras administracións.

Seguir a promover a gastronomía como elemento estratéxico para atraer turismo de calidade en colaboración coa hostalería local.

Aumentar o horario de atendimento da oficina de turismo e estender o seu funcionamento durante todo o ano, de xeito que se poida atopar asesoramento profesional e servizos que axuden a coñecer o noso concello e a súa contorna, tanto a locais coma a visitantes, mediante a creación da praza de técnico de Turismo.

Continuar a participar nas feiras turísticas máis destacadas para promover Cabanas como destino turístico e diversificar o perfil de visitantes.

Impulsar o turismo de natureza e a promoción das Fragas do Eume como destino turístico tamén desde Cabanas, con medidas específicas para atraer o turismo de

natureza mediante o desenvolvemento do Plan de Sustentabilidade Turística das Fragas do Eume.

Crear unha ruta peonil fluvial que permita unir o sendeiro costeiro coa entrada ás Fragas en Irís.

Traballar cos concellos de Fene e A Capela para a posta en valor do curso alto do río Beelle a través da recuperación dos sendeiros fluviais e o seu impulso como destino turístico.

Recuperar, en colaboración co Concello de Fene, o antigo trazado do Camiño Ingles a carón do Polígono de Vilar do Colo, potenciando os elementos naturais e patrimoniais que atravesaba ou aqueles cercanos (río Baa, Marco de San Lourenzo, Castro de Prismos, patrimonio Indiano...).

Finalizar os traballos para a creación dun sistema de roteiros a través do noso territorio marcándoos todos, publicando un mapa cos mesmos, e dando publicidade a este novo recurso turístico.

Completar a instalación de sinalética específica para os elementos patrimoniais e históricos de Cabanas.

Actuar na rehabilitación de muíños, particularmente nas parroquias de Porto e Regoela.

Elaborar o proxecto para a futura recuperación do Muíño de Maré con financiamento doutras administracións.

Construír unha zona de aparcadoiro para caravanas, con servizos específicos, de acordo ao establecido no PSTD do Eume.

Levar adiante o resto de medidas incluídas no PSTD.

Apoiar desde o concello a creación de nova infraestrutura turística, como aloxamentos, particularmente no medio rural.

# Cabanas merece un goberno que defenda todas as causas xustas

Durante estes catro anos creamos de cero novas áreas como Normalización Lingüística e diversidade/LGTBI, dotándoas de persoal e actividade, e o noso obxectivo para o próximo mandato é impulsalas aínda máis.

E todo isto facémolo porque cremos que é o correcto, porque cremos firmemente que son causas xustas, como o son o feminismo, o ecoloxismo e a defensa da terra, ou a memoria histórica (na que desde o BNG organizamos a homenaxe á guerrilla antifranquista e que tamén incluimos neste punto).

Porque Cabanas merece un goberno que defenda todas as causas xustas.

## **As nosas propostas:**

### **Normalización Lingüística**

Continuar a entender a Normalización Lingüística e a Dignificación da Lingua Galega como unha política transversal e necesaria ao longo de toda a acción de goberno.

Defender e potenciar un servizo municipal de normalización lingüística estábel, dotado de recursos humanos e dotación orzamentaria suficientes, que xestionará e executará as accións e medidas necesarias para o fomento do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais.

Desenvolver a ordenanza de Normalización Lingüística aprobada neste mandato como ferramenta de actuación a nivel municipal das medidas incluídas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

Garantir que todas as accións do concello procuren unha maior valoración, calidade e uso do galego. Por exemplo, a comunicación municipal, as contratacións de empresas, as intervencións dos cargos públicos, os actos xurídicos, a contratación de persoal, a concesión de subvencións, os programas de formación etc.

Ofertar, en colaboración cos centros de ensino, actividades para a socialización en galego. Contar coa infancia e a adolescencia como ámbitos de actuación principais á hora de establecer as medidas deste departamento.

Continuar a apoiar o asociacionismo a prol da lingua e as súas actividades.

Organizar, desde a área de Normalización Lingüística, cursos de formación en ferramentas de actuación para que persoas interesadas poidan contribuír á Normalización Lingüística desde os seus diferentes ámbitos, ampliando o efecto das políticas municipais.

Promover actividades de difusión da cultura lusófona como ferramenta que tamén contribúe ao prestixio e normalización da nosa lingua.

Recuperar a microtoponimia mediante a súa incorporación á sinalización e a cartalaría. Difundir os coñecementos existentes sobre os microtopónimos locais.

Solicitar aos medios de comunicación que respecten a lingua das noticias xeradas en galego.

### **Diversidade e LGTBI**

Rexeitar a discriminación por calquera condición: raza, etnia, sexo, orientación sexual, identidade de xénero, capacidade...

Realizar políticas de diversidade que apoiem e reivindiquen o colectivo LGTBI, colaborando coas persoas que forman parte do mesmo.

### **Memoria histórica**

Expresar a nosa condena como concello polo golpe de estado militar de 1936 e pola ditadura franquista.

Promover o desenvolvemento dun programa de actividades (en colaboración con entidades da memoria e outros concellos) arredor da memoria histórica, a represión e a resistencia contra o fascismo.

Organizar "roteiros da memoria" para honrar a historia das persoas que se viron obrigadas a fuxir ás Fragas do Eume, así como a da veciñanza que colaborou cos perseguidos.

Organizar unha homenaxe pública aos cargos políticos e aos traballadores e traballadoras de Cabanas que foron vítimas da represión franquista.

Fomentar a investigación da historia local.





# Candidatura do BNG de Cabanas ás eleccións municipais de 2023



01. Iago Varela Martínez
02. Paula González Grueiro
03. Uxío Romero Rodeiro
04. Laura Ponce Leira
05. Xosé Manuel Golpe Acuña
06. Anxos García Fonte
07. Davide Otero Laurenz, Piquelo
08. Micaela Rei Castro
09. Marcos Filgueiras Allegue
10. Montse Fraga Pérez
11. Luís P. Castelo

## SUPLENTES

01. Cruz Carbón Ardao
02. José Ángel García Noval
03. Mariluz Permuy Calvo
04. Guillermo Otero Pérez
05. Pilar del Moral Gómez
06. Manuel Varela Bermúdez
07. Gloria Martínez Quintián
08. Gabriel Bouza Arnosó
09. Dosita Loureiro Martínez
10. Xosé Carbón Anca